

ALT 16

15º FESTIVAL ALTERNATIVO
DAS ARTES ESCÉNICAS
DE VIGO

09.03 | 13.03 2016

FESTIVALT.ORG
VIGOCULTURA.ORG

CONCELLO
DE VIGO



Vivimos nunha cidade fermosa

Unidade de Igualdade
Universidade de Vigo



AGADIC
Agencia Galega das
Industrias Culturais



MARCO
MUSEO DE ARTE CONTEMPORÁNEA DE VIGO

CAMÕES
INSTITUTO
DA COOPERAÇÃO
E DA LINGUA
PORTUGAL
MINISTÉRIO DOS NEGÓCIOS ESTRANGEIROS

SINSALAUDIO

EAV
IES AUDIOVISUAL DE VIGO

IEVERSIÓN
photography and film

ALT.16 | PROGRAMA DE MAN

MÉRCORES 9 DE MARZO

Auditorio Municipal do Concello. 20.00h

Programa ALT.procrea en Feminino

Nuria Sotelo, Macarena Montesinos e Clara Ferrao (Galicia)

"ENSAIO AMOR"

(50') danza-teatro

Ensaio amor é froito da conciliación, a precariedade laboral e o amor. Clara, Macarena e Nuria deciden embarcarse nun proxecto escénico ao redor da lei de Ohm, apropiándose dos significantes que contén, tensión, intensidade e resistencia, para reflexionar sobre os seus diferentes significados e utilíza-los como pautas físicas. Aparece Lena e cambia os corpos, os recursos, as prioridades. Catro mulleres; dúas bailarinas, unha bebé e unha violoncellista fanse preguntas sobre si mesmas como mulleres, sobre aquilo que fan con amor e por amor, cuestionándose o seu papel de coidadoras, nais e amantes.

Dirección: Nuria Sotelo / *Creación e Interpretación:* Nuria Sotelo, Macarena Montesinos, Clara Ferrao e Lena Vilanova / *Deseño Iluminación:* Baltasar Patiño / *Coreografía:* Nuria Sotelo e Clara Ferrao / *Música:* Macarena Montesinos / *Mirada externa:* Idoia Zabaleta / *Fotografía:* Ruben Vilanova / *Vídeo:* Inma Vilanova.

Coproducen: Festival Escenas do Cambio e Festival ALT. / *Colaboran:* Azala, Asociación de Danza de Gondomar e Casa Colorida.

XOVES 10 DE MARZO

MARCO. 20.00h

Programa ALT.procrea en Feminino / ESTREA

Louisa Merino (Madrid)

"THE COURSE OF MEMORY"

(45') Performance Documental

The Course of Memory é un relato e á vez un xogo que dialoga con humor cos recordos efémeros de persoas maiores de diferentes cidades e países, e con retrincos biográficos da autora. Instantes, todos eles, sen aparente transcendencia, pero que nos recordan que, á fin e ao cabo, todos/as experimentamos vivencias moi similares e parecidos anhelos. Baseándose no principio de alteridade, esta peza propón así unha reflexión sobre o papel que xoga "o outro" na vida de cada un/unha de nós. Ata onde reconstruír un non-lugar, un non-obxecto? Como é o recordo.

Dirección: Louisa Merino / *Intérpretes:* Louisa Merino e/ou actrices locais / *En vídeo:* Nora Domínguez, Liliane Isaac, Rose Marie Mayeux, Rafaela Isaulde, Marifina Poquis, Dania del Pino, Pedro Villareal, Jessica Franca, Francisco López, Nicolás Temiño, Curro Hernández, María Luisa González, Delfina López, Pablo Riobó, Fernando Prego, Arantxa Emes, Xavier Anidos, Miguel Hernández, Baiana Plana, Seetha Peiris, Myriame Sage, Angela Jeangros, Karine Schnyder, Elmée Clerc, Jonás Lambelet, Silvio Palomo, Léo Gobin, Virginie Kaiser, Claire-Lola Nicolas, Alexandra Gerber, Jean Ulrich Soch, Monique Berrah, Jacqueline Bettex, Marie Anne Jenmonod, María Simmen. / *Operadores de cámara:* Montxo Hontavilla, Daniel Rebner, Luis Lopera, Ximo Rojo, Roberto da Silva e Louisa Merino / *Música orixinal:* Pierre Omer.

Mapping Journeys, a peza da que xorde esta creación, obtivo as Axudas á Mobilidade Internacional de Creadores Matadero Madrid.

Auditorio Municipal do Concello 21.30h

Societat Doctor Alonso (Cataluña) / **ESTREA EN GALICIA**

"ANDREI RUBLEV (UNHA PANICOGRAFÍA)"

(75') Danza

"Andrei Rublev" toma como punto de partida e título a película de Andrei Tarkovsky rodada en 1966, onde o pintor iconoclasta Andrei Rublev (1360-1427) realiza unha longa viaxe na Rusia medieval para pintar os frescos da catedral da Asunción do Kremlin. A obra provoca no espectador/a un impacto e recolleemento interior debido ao uso da perspectiva invertida, que nos fala da arte, non como un retrato da realidade, senón como unha realidade entre as realidades.

VENRES 11 DE MARZO

MARCO 20.00h

Wooshing Machine (Bélxica) / **ESTREA NA PENÍNSULA IBÉRICA**

"HAPPY HOUR"

(55') Danza

Happy Hour, a hora da felicidade. Un tempo concentrado máis aló do cotián onde o xogo sitúase sobre un fío moi fino instalado entre danza e amizade, realidade e ficción. É un acto case sen palabras. Non pasarán tan sequera días, só unha hora, unha hora soamente na cal pararse a ver a felicidade. En que espazo se concreta a amizade e onde comeza a danza? Onde comeza a ficción e se estrela a realidade? Unha pregunta de dobre fío. É o que se consegue con este traballo! Comecemos entón aquí, pactemos este principio: sexamos humanos! esa é a nosa vontade, o noso desexo entorno á creación. Logo dun percorrido de case 20 anos xuntos, é agora cando podemos defender un século de existencia, aquí está para vós Happy hour: pagas pola primeira, a segunda é de balde.

Dirección e Interpretación: Alessandro Bernardeschi & Mauro Paccagnella / Deseño Iluminación: Simon Stenmans

Auditorio Municipal do Concello. Venres 11 e Sábado 12 22.00h

Programa ALT.procrea en Feminino
Matarile Teatro (Galicia) / **AFORO LIMITADO**

"EL CUELLO DE LA JIRAFa"

(95') Teatro (supoño)

Non teño fillos. Non teño pais. Ás veces son unha árbore. Podo ser un animal. Unha figura en movemento, sombra. Prescindo das flores. Parecen flores no pelo, pero non o son. Un día de xullo asollado, unha muller fumando, o bulicio das tabernas. A sensación de que vai pasar unha banda. Non podo parar, non podo determe. En ocasións penso que a cada minuto todo se converte en pasado e, con todo, outras veces sinto que o pasado sempre volve e nunca se remata. Queres unha fresa?

"El cuello de la Jirafa" está adicado a Pepe Henríquez

Dirección e Creación: Ana Vallés / Intérpretes: Óscar Codesido, Mónica García, Enrique Gavilán, Baltasar Patiño, María Roja, Ana Vallés / Iluminación, Espazo escénico e Collage musical manipulado en tempo real: Baltasar Patiño / Textos Ana Vallés, Enrique Gavilán / Outros Textos: Óscar Codesido, Mónica García, María Roja / Coreografía: Mónica García / Axudante de dirección: Baltasar Patiño / Auxiliar de dirección: Diana Mera / Fotografía e vídeo: Rubén Vilanova, Inma Vilanova, Grismedio Studio / Deseño gráfico: Jacobo Bugarín / Imaxe cartel: María Roja / Citas de Cesare Pavese e Pier Paolo Pasolini / Voz en Italiano: Arturo Rodríguez / Producción: Manu Lago e Laura Sánchez / Xestoría Cruceiro / Agradecementos a Laura Sánchez e Marcos Vieitez / Produce MATARILE TEATRO / Estreado o 10 de Outubro de 2015 no FITO.

Colaboran na produción: AGADIC / Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria / USC Universidade de Santiago de Compostela / Colaboración especial de ALT. Festival Alternativo das Artes Escénicas de Vigo, FITO Festival Internacional de Teatro de Ourense e LAVA Laboratorio de las Artes de Valladolid.

SÁBADO 12 DE MARZO

Casa Arines (Instituto Camões). Praza Teniente Almeida 12.00 h

Programa ALT. procrea en Feminino / **ENTRADA GRATUITA ATA COMPLETAR AFORAMENTO**

"MESA-CHARLA ENTORNO Á CREACIÓN FEMININA E O PROXECTO ALT.PROCREA."

ALT leva, desde os seus inicios, considerando á muller-artista en todas as súas facetas, empoderando o seu lugar na escena e explorando a súa poética. Desde o especial "Soas en escena" (2005) pasando por varios "Marathon woman" as creadoras ocuparon un lugar destacado na programación do ALT que non só dedica "especiais" á muller senón que traballa na paridade

en toda a súa programación, mantendo sempre un xusto equilibrio artístico entre homes e mulleres. No ano 2011 nace ALT. Procrea en Feminino grazas á colaboración do Área de Igualdade da Universidade de Vigo e da Secretaría Xeral de Cultura da Xunta de Galicia cuxo obxectivo é promover a creación desde o seu inicio ata o momento final (se o houbese) permitindo ao público participar dese proceso que as artistas van mostrando durante varias edicións.

Interven: Louisa Merino (Artista multidisciplinar) / Mercé de Rande (Creadora e Directora) / Sara Molina (Dramaturga) / Fefa Noia (Directora CdG) / Inma López Silva (Crítica, Profesora de Teoría teatral e Escritora) / Lola Correa (Dramaturga e Directora do ALT)

CASA DAS ARTES. 18.00 h e 20.00 h

Programa ALT. procrea en Feminino/ ESTREA

A Mercé das Cirkunstancias (Galicia-Suiza-Italia) / AFORO LIMITADO

"LOST & DEAD IN THUNDERLAND"

(60') Exposición performativa multimedia

"Unha investigación sobre petróglifos de labirinto estendidos por Galicia leva a *Mercé de Rande* a explorar os lazos histórico-espirituais que unen Galicia co legado das culturas do Atlántico. Unha viaxe iniciática acompañada por Enea Mangili lévaos a transitar unha tormenta sensible. Movéndose a través da espiral común, como unha chamada a atopar a saída do labirinto." (Emile Petit – Codirectora do Festival Nassim O Raqs de Alexandría, Exipto). "Era unha noite de tebras e negras sombras, era concretamente a longa noite de pedra. Camiñaba no medio do temporal, cando por fin atopou un túnel no que refuxiarse, canto máis avanzaba, máis escuro era todo, andando ía perdendo os contornos, a perspectiva, o horizonte e por suposto non alcanzaba a ver a saída. Logo de moito tentear na escuridade, sentiu de súpeto a presenza dun monstro. Comezou a suar frío, cando se deu conta que monstro e ela eran UNHA" (*Mercé de Rande*).

Dirección: Mercé de Rande / Interpretación: Mercé de Rande / Enea Mangili / Deseño Iluminación: Mercé de Rande / Enea Mangili / Marius Kob / Co-producen: ALT Vigo , Tanzhaus Zurich e Nassim El Raqs, Alexandria

MARCO 20.00 h

Vértebro Teatro (Andalucía) ESTREA EN GALICIA

"ORO"

(75') Teatro. Novas Dramaturxias

Oro suscita a posibilidade de reatualizar o corpo, o pensamento, a palabra e o desexo. As circunstancias condicionan a creación dun clima de diálogo que é o centro mesmo do traballo do intérprete, que despreza as formas do seu corpo para ofrendalas nun acto presente. *Oro* é a historia dun home que irá onde faga falta para atopar o xeito máis puro de relacionarse co mundo. O seu corpo non actúa como metáfora; non representa a ninguén, non fala do ser humano. O corpo transcende a súa concreción a través do ofertorio dunha das súas partes, que insiste en ser queimada. O corpo é o osíxeno que permite que ardan as pestes da escena. Insistir. Arder. Transcender.

Creación e Interpretación: Nazario Díaz / Catalizador artístico: Jorge Gallardo Altamirano / Asistente no proceso: Luis Odriozola / Concepto plástico e sonoro: Nazario Díaz / Asistente de Iluminación: Ángela López, coa colaboración de Ana Rovira / Deseño Gráfico: Juan Diego Calzada Axudante Producción: Diego Vázquez Meizoso o Voluntariado Escola de Imaxe e Son de Vigo.

Oro é unha produción de *Vértebro*, elaborada en residencia entre Polonia e España, na Fundación Sopot Centralny (Willa FSC, Sopot, Polonia), o Centrum Kultury w Lublinie co apoio de neTTheater - Teatr w Sieci Powiza (Lublin, Polonia), o salón da miña casa en Córdoba, o Centro das Artes de Sevilla e o Laboratorio de Artes en Vivo, Leal.Lav, en Tenerife. Coa colaboración da Delegación de Cultura da Diputación de Córdoba e Graner, Centro de creación do corpo e o movemento, a través do Festival TNT, Terrassa Noves Tendències.

MARCO 22.00h

Experiencia Especial / ESTREA EN GALICIA

La sauna internacional e Vicente Arlandis (Valencia) / **AFORO LIMITADO**

"¿QUÉ PASA CUANDO NO PASA NADA?"

(12 h) Performance

Este proxecto propón reunir, a través dunha convocatoria aberta, a un grupo de persoas para durmir e pasar o tempo no espazo do museo durante o seu horario de peche. A actividade está aberta a todos os públicos. QUEREMOS habitar o museo no tempo no que está pechado. Alterar as lóxicas cotiás que rexen o funcionamento dunha institución pública como é o museo (administración, horarios, mantemento, actividades, seguridade, etc.), así como propoñer unha nova experiencia aos participantes e aos propios traballadores da institución. Entendela e experimental a non só como un espazo público espectacular que nos propón unha serie de actividades senón tratar de visualizar a súa parte máis interna, como o lugar de traballo de moitas persoas (técnicos, gardas de seguridade, conserxes, administrativos, etc.). As persoas que queiran participar terán que vir con sacos de durmir, mantas e demais provisións que consideren necesarias para pasar a noite. Ademais, pediráselles que traian algo para comer, para compartir e organizárase, unha cea colectiva e un almorzo coa comida que se reuniu. Pretendemos abordar a cuestión: Que pasa cando non pasa nada? Mediante a proposta dunha actividade que dalgún xeito suscite unha posible resposta. O tempo que ocupamos no museo é o tempo no que non pasa nada, o tempo morto da institución, un momento inútil onde nada sucede e somos conscientes que experimentar o inútil é o máis difícil.

Dirección: Vicente Arlandis e Sandra Gómez / Colabora: Concello de Valencia

DOMINGO 13 DE MARZO

Auditorio Municipal do Concello. 18.00 h

Programa ALT.procrea en Feminino / Compañía internacional convidada

Iris Heitzinger & Editta Braun company (Austria) / **ESTREA NA PENÍNSULA IBÉRICA**

"PAULA"

(50') Danza

Que queda dunha persoa que está obrigada a vivir sen ningún contacto humano? Inspirada en dous libros: "El muro" de Marlen Haushofer e "El dios de los besos robados" de Stan Nadolny e en colaboración co deseñador de escenografía Arturas Valudski, a coreógrafa Editta Braun e a bailarina Iris Heitzinger crean unha obra que trata do illamento absoluto. Unha hora atrapada, acompañada dunha sensación de inquietude constante. Iris Heitzinger necesita moverse, necesita correr tan lonxe e tan rápido ata que non poida máis, ata que os pulmóns colapsen, ata conseguir unha respiración pesada e que as pernas doan. No seu esgotamento descobre que á súa dereita e esquerda, por diante e detrás construíuse un muro. Non importa cara a onde se dirixa, non hai saída e choca cun frío muro de luz que lle provoca pánico. Ten que saír de si mesma, sentirse, para saber que existe, que está viva.

Creación, Interpretación e Coreografía: Iris Heitzinger (www.irisheitzinger.com) / Idea, Dirección, Coreografía: Editta Braun (www.editta-braun.com) / Música orixinal: Thierry Zaboitzeff (www.zaboitzeff.org) / Deseño escenario: Arturas Valudskis / Deseño e iluminación: Thomas Hinterberger / Fontes de inspiración: Marlene Haushofer: Die Wand (Hamburg 1968), Stan Nadolny: Ein Gott der Frechheit (München 1994)

MARCO. 20.00h

Sonia Gómez (Cataluña) & **Javier Caro** (Canarias) / **ESTREA EN GALICIA**

"BAILARINA LÍRICA"

(70') Danza-performance

En *Bailarinas*, Sonia Gómez invita a outros/as intérpretes e creadores/as a facer versións do seu só Bailarina. Esta proposta explora de xeito persoal, sinxelo e minimalista, como facer un espectáculo cun só intérprete, prescindindo dun equipo, escenografía, deseño de luces ou dun chan especial. E créao a partir das preguntas que se fai sobre como realizar un espectáculo de danza hoxe, desde os contidos creativos, a interpretación e a relación co público. No proxecto de transmisión-creación *Bailarinas* os/as colaboradores codifican o só Bailarina cos seus recursos, trucos escénicos, achados e referentes, cos conceptos e as regras do só, desde a súa orixe ata os propósitos que tiñan no momento da creación. Para iso invitou a Javier Cuevas que, na súa versión BAILARINA LÍRICA, canta as oito pautas de movemento do espectáculo Bailarina de Sonia Gómez. Cancións sen estilo nin época que queren ser grandes e que fantasían con albergar unha historia. Nesta versión o cantante móvese e de moverse, canta. O performer canta e de cantar, móvese. É un concerto-performance que combina voz, corpo, música disparada e sons xerados en directo.

Concepto e Idea orixinal BAILARINA: Sonia Gómez / Acción e Composición (música e letra) BAILARINA LÍRICA: Javier Cuevas / Vestuario BAILARINA LÍRICA: Amuhaici Luis – Espacio A / Estudio de gravación Superstereo / Coproducción BAILARINA LÍRICA Auditorio de Tenerife Adán Martín / Residencia e preestreno BL Eilertsen&Granados Sommerprogram, E>eater Stamsund (Noruega) / Producción: MOM-Marta Oliveres Management

IN ALT.16

Tras moito esforzo sacamos adiante unha nova edición do ALT, un festival que leva quince anos en Vigo e ao que mantén, non só o noso ánimo senón tamén o do público que o demostra coa súa asistencia ás funcións. ALT16 vén cargado de solidariedade, de empeño, de pataleta, de ganas de continuar aínda que xamais o fará "sexa como sexa" xa que a profesión, na que se inclúen desde artistas a iluminadores, desde directores/as ata persoal de billeteira, non poden nin deben traballar a mínimos e estes, os mínimos, levan anos empuxándonos cara á porta de saída.

ALT16 quere continuar, pero non a calquera prezo. Esta edición, máis curta, menos intensa, pero igualmente cargada de calidade e arte será a que demostrará unha vez máis que un festival de corte alternativo non debe estar en dúbida en pleno século vinte e un onde é necesario seguir experimentando, exhibindo, invadindo os terreos escénicos, abatidos polos menos contestatarios, para enchelos de irreverencia que é, á fin e ao cabo, o lugar onde deben estar os/as artistas. As compañías en co-produción con ALT, as creadoras de ALT-PROCREA e dous traballos internacionais serán a nosa aposta para a continuidade e ante o constante desasosego.

Benvidas/os ao ALT16.

"A loita esgota, pero a gran derrota é non seguir facéndoo"

LOLA CORREA (Directora artística do ALT.)

RESERVA ANTICIPADA 655 096 646

De 10.00 h a 12.00 h e de 16.00 h a 18.00 h

- * O prezo das entradas é único de 6€ sen que exista ningún tipo de desconto nin abono por consideralo un prezo popular. A subida de 1€ na presente edición é simbólico para reforzar a continuidade do ALT e o apoio ao mesmo.
- * Non se reservará nin por WhatsApp nin por e-mail.
- * Non se reservará a grupos de máis de seis persoas para os espazos de aforo limitado.
- * A duración das funcións é sempre aproximada podendo alongarse uns minutos nalgúns casos.
- * As entradas véndense en estrita orde tanto telefonicamente como en billeteira podendo esgotarse antes da apertura da mesma.
- * As entradas reservadas por teléfono deben ser recollidas na billeteira do espazo correspondente ata quince minutos antes da función, pasado este tempo non se manterá a reserva excepto en caso de atraso por parte da organización en funcións seguidas.
- * Recoméndase prestar atención aos espazos e funcións con aforo limitado.
- * A puntualidade é moi importante para o ritmo do festival, das funcións e o respecto aos/as artistas polo que, unha vez pechadas as portas, non se permitirá o acceso.
- * ALT é un festival para público adulto. Todos os espectáculos son para maiores de 16 anos.

XESTIÓN e ORGANIZACIÓN: NoescaféTeatro A.C. e Concello de Vigo | **DIRECCIÓN e COORDINACIÓN:** Lola Correa / Roberto Ta-boada | **PRODUCCIÓN TÉCNICA:** PXC | **DESEÑO CARTEL:** Eva Correa | **MAQUETACIÓN:** CanalUno | **ALOXAMENTO:** Hotel Vigo Plaza